

JOHANNES KEPLER

O soño

Traducido por Alfonso Blanco



Vólvense os paxaros contra as escopetas

No ano 1608, cando fervía a discordia entre os irmáns o Emperador Rodolfo II de Habsburgo e o Arquiduque Matías⁷, e a xente estaba a buscar precedentes das súas accións na historia de Bohemia, eu, impulsado pola mesma curiosidade ca todos, dirixín a miña atención ás lendas de Bohemia. Aconteceu que unha noite, ao dar coa historia da heroína Libussa⁸, de moita sona polas súas artes máxicas, quedei profundamente durmido, deitado na miña cama, logo de estar a observar as estrelas e a

⁷Rodolfo II (1552-1612), da Casa dos Habsburgo, Emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico. Pasou á Historia como un gobernante máis interesado nas artes e nas ciencias ca na política. En 1594 iniciou unha guerra, a xeito de nova cruzada católica, contra o Imperio Otomán, cuxa longa duración provocou a rebelión dos seus súbditos protestantes de Hungría. A familia forzouno a cederlle o control do goberno de Hungría ao seu irmán menor, Matías, Arquiduque de Austria, quen asinou a paz cos húngaros e os turcos en 1606. Rodolfo intentou retomar a guerra cos turcos, pero Matías obrigouno a abdicar nel as coroas de Hungría, Austria e Moravia. Pouco despois, aproveitando a súa debilidade, os protestantes bohemios demandaron liberdades para exercer o seu culto, que Rodolfo concedeu en 1609. Con todo, o descontento dos bohemios non minguou, e Rodolfo tomou represalias contra eles, que pediron axuda a Matías. Este enviou o seu exército, que apreixou o Emperador no seu castelo de Praga até que, en 1611, cedeu tamén a Matías a coroa de Bohemia. Rodolfo II morreu só un ano despois, conservando aínda simbolicamente o título de Emperador, que Matías acadaría cinco meses despois da morte do seu irmán. Sete anos despois, sería sucedido polo seu tío Fernando II.

⁸Tamén Libuše, en lingua checa. Segundo a lenda, é o devanceiro mítico da dinastía Přemyslid (que reinou en Bohemia, Moravia e ocasionalmente noutros territorios centroeuropeos) e, por extensión, do pobo checo. Disque era a filla máis sabia do tamén lendario caudillo checo Krok e dunha muller elfa. Foi elixida polo seu pai como sucesora pola súa capacidade de prever o futuro.

Lúa; e veume un soño no que me vin lendo un libro que comprara nun mercado⁹. Este era o seu contido:

O meu nome é Duracotus (1), e a miña patria Islandia (2), que os antigos chamaron Thule. A miña nai era Fiolxhilde (3), quen, coa súa recente morte (4), me deu permiso para escribir –e xa hai tempo que ardo en desexos de facelo– sobre certo tema. Mentres viviu, ela tivo bo coidado de que eu non escribise (5). Decía que hai moitos mal intencionados que desprezan as artes (6) e que, debido á estupidez das súas mentes, interpretan maliciosamente o que non comprenden, e aproban leis nocivas para o xénero humano (7). Non poucas persoas, condenadas precisamente a causa destas leis (8), foron engulidas polos abismos do monte Hekla (9). No tocante ao nome do meu pai (10), a miña nai nunca mo dixo: adoitaba contarme que era mariñeiro e que morrera de vello, con cento cincuenta anos, cando eu tiña tres, logo de máis ou menos setenta anos de matrimonio (11).

Nos primeiros anos da miña infancia, a miña nai, colléndome da man e ás veces subíndome aos seus ombros, adoitaba levarme ao pé das ladeiras do monte Hekla (12), maiormente preto da festa de San Xoán, cando o Sol, visible durante as vinte e catro horas do día, non deixa espazo ningún á noite (13). Ela recollía para os seus moitos rituais algunhas herbas que cociñaba na casa (14); logo metíaas nuns fardeis de pel de cabra que, ben cheos, lles vendía despois no porto veciño aos mariñeiros (15), e deste xeito gañaba a vida.

Unha vez, por curiosidade, sen que se decatase a miña nai, rachei un fardel que ela estaba a piques de vender, co que lle espaxé as herbas e unhas pezas de tea que tiñan uns caracteres bordados (16), estragándolle así a ganancia.

⁹A Feira do Libro anual de Frankfurt, xa daquela moi importante.

